

Universidade de Vigo

COMISIÓN TRIPARTITA DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO ACTA N°4 – PERÍODO TERCEIRO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe de Servizo de PAS

José Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)
Alfonso Bascos Fernández (CCOO)
Carlos Román Lago (CIG)
Carlos Mollinedo Lois (CIG)
Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

XUNTA PAS

Xan M. Cebro Rodríguez (CIG, presidente)
María José Ríos Santomé (CIG)
José Antonio Gándara Pérez (CIG)
Alejandro Cadabón Figueiroa (UGT)
María Moreira Sendón (UGT)
José M Sóñora Abeijón (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

José Manuel García Eirín (CIG)
Rodrigo Alverte Pividra (CIG)

Os membros da Comisión Tripartita para a negociación da Funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo reuníronse coa Xerencia ás 09:30 horas, do 3 de xuño de 2021, na Sala I do edificio Miralles e na Sala 20 do Campus Remoto, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 18 de marzo de 2021.
2. Proposta de funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.
3. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 4 de febreiro de 2021.

A Xerenta di que logo de non ter recibido alegacións á acta anterior, queda aprobada por asentimento.

2. Nova proposta de funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.

Universidade de Vigo

A Xerenta comeza a reunión dicindo que se presenta unha nova proposta logo de ter recibido as alegacións da parte social.

O Vicexerente explica as melloras da nova proposta de xerencia en relación á primeira presentada. En relación á proposta da parte social onde solicitan que o Convenio Colectivo manteña a súa vixencia, explica que iso non ten encaixe nun proceso de funcionarización. O que si se manterán serán os acordos acadados polos que ao persoal funcionario se lle aplican aspectos establecidos no convenio colectivo.

A Xerenta incide en que manter a plena vixencia do convenio e aplicalo ao persoal funcionario non é posible. Os dereitos que lle están a aplicar aos funcionarios actuais, que moitos son aspectos do convenio en virtude de pactos anteriores, serán os que se lle aplicarán ao persoal que se funcionarice. O convenio seguirá vixente para o persoal laboral que non se funcionarice. Explica que a funcionarización ten unha finalidade clara que é establecer un réxime homoxéneo na Universidade, facilitar a promoción e mellorar as condicións retributivas. Deixa claro que se está a axustar case ao máximo aínda que espera que a Xunta dea o seu visto e prace a este acordo.

María Moreira quere deixar constancia dunha futura situación que pode producirse na biblioteca xa que, ao crearse as subescalas de biblioteca adscritas só as bibliotecas, se no futuro hai unha Área de Arquivo podería suceder que o persoal non puidera moverse a esos postos.


A Xerenta responde que neste momento non ser ten pensado crear ningunha escala, porque entre outras cuestións, non é o obxecto da funcionarización.

O presidente da Xunta PAS agradece que a nova proposta de xerencia teña un acercamento ás propostas da parte social e pasa a explicar a contraproposta presentada en distintas partes do articulado así como na parte retributiva. Fai unha aclaración en relación ás gratificacións extraordinarias xa que considera que non debería ir no articulado senón como disposición transitoria, e debería aplicarse mentres non haxa un acordo marco no que se regulen as gratificacións para os funcionarios, que aínda que na UVigo non existen, si que se contemplan noutras universidades. Por outra banda di que se debe manter a Disposición Transitoria de "Obriga de pactos e acordos anteriores" para que a nova Xunta de Persoal e Nova Xerencia o teñan como marco normativo. Por último, tamén fai referencia á promoción interna do persoal que non se funcionarice onde diferente lexislación permite que poida acadar unha praza de funcionario.

A Xerenta di que a día de hoxe non se sabe quen se vai ou non funcionarizar, e deixa claro que como regra xeral, a promoción só é a través da funcionarización.

Rodrigo Alberte Pividra cre que se podería redactar de xeito que cun acordo se puidera permitir esta posibilidade.

José Manuel García Eirín entende que tal e como está redactado parece que se cerra a posibilidade de promoción nun futuro.



Páxina 2 | 3

Universidade de Vigo

O presidente da Xunta PAS aclara que na súa proposta, cada posto está aberto a dous grupos co motivo de que teñan dereito á carreira administrativa e ademais non supón ningún compromiso económico.

A Xerenta responde que hai determinados postos como por exemplo, TE de Animalario ou algúin outro, que non lle atopa sentido que teñan dous grupos, independentemente do custo económico, xa que para unha posible promoción habería que crear unha Escala.

O Presidente da Xunta PAS propón enviar así a proposta á Xunta de Galicia xa que pensa que si se podería aceptar.

O presidente do CEPO di que abrir as prazas a dous grupos é unha proposta a futuro. Entende que se non hai dotación orzamentaria non se poderá promocionar, pero polo menos, ter a posibilidade de poder facelo se as condicións económicas o chegan a permitir. Quere lembrar a importancia dos dereitos sociais polo propón que quedaría más clara segundo o artigo 15 da súa proposta xa que é más garantista que o artigo 14 da proposta da xerencia.

3. Rolda de intervencións.

José Manuel García Eirín considera que se debería de falar dun cronograma para poder presentar ao resto de compañeiros en asemblea.

Rodrigo Alberte Pivida pregunta por un caso concreto: persoal laboral na praza de Auxiliar de Servizos que promocionou á praza de Conserxes, pero por motivo de ter que ir a Ourense, preferiron quedar onde estaban. Agora se se funcionarizan na praza de Auxiliar, pregunta se poderán pedir o reingreso á praza acadada.

A Xerenta responde que non vai haber esa praza dado que se funcionariza e non se lle poderá dar o reingreso. De aí a importancia dun concurso de traslados.

Queda pendente de enviar a parte social unha nova contraproposta para que a xerencia a estude e sexa negociada na vindeira reunión.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 11:55h

A Xerenta

O Presidente do
CEPO

Representante CEO

O Presidente Xunta

PAS F




Raquel M. Souto
García



Marcos Estévez Orge



Rodrigo Alberte Pivida



Xoán M. Cebro
Rodríguez

